



As sete balas de Iria Flavia



OS SETE PROXECTÍS QUE AMOSAMOS na Librería NUMAX apareceron nunha escavación arqueolóxica realizada en Iria, Padrón, en 2003. A sondaxe efectuouse con motivo dun proxecto de expansión urbana que prevía edificar 500 vivendas e servizos xerais nun solar de 87.000 m². Con anterioridade a finca fora ocupada pola Azucreira, unha fábrica fundada en 1899 e despois reutilizada como campo de concentración durante a Guerra Civil.

Iria considérase un núcleo de recoñecido valor histórico. Na contorna coinciden distintos elementos patrimoniais e a zona está declarada Paraxe Pintoresca. O solar da Azucreira atópase dentro do ámbito de protección da ex-colexiata de Iria, que conta coa cualificación de Ben de Interese Cultural (BIC). A suma destes factores motivou que a Dirección Xeral de Patrimonio instase o construtor a realizar una escavación antes de autorizar a obra.

Na memoria da intervención non se fai referencia ao campo de concentración. O achado das balas mencionase só na descrición dos materiais e nas conclusións destácanse as evidencias de ocupación castrexa. Na ficha de catalogación do museo atopamos máis información. Sinálase que o tipo de munición corresponde coa

empregada en distintos modelos de fusís Mauser e metraladoras Hotchkiss utilizadas durante a Guerra Civil. A datación: 1937. A existencia do campo tamén se indica.

Que papel xogaron as balas?

Durante a guerra, Galicia serviu de enclave na retagarda para o bando sublevado: abasteceu o exército franquista con homes, víveres e armamento. Organizáronse hospitais militares para atender os feridos en combate e coa mesma celeridade tamén se habilitaron campos para recluír os miles de presos republicanos procedentes da fronte norte da Península. As cadeas, os cuarteis e mesmo os novos lugares instaurados como centros de detención nos primeiros meses da contenda e nos que se recluíra a veciñanza local estaban desbordados (Frontón de Vigo, Instituto de Pontevedra, etc.).

Organizouse unha rede alternativa. A estratexia cos presos procedentes de Asturias, País Vasco, etc. era evitar que creasen vínculos. Desprazábanos constantemente. Poio, Silleda, San Simón, Lavacolla e moitos outros lugares formaron parte desta topografía da reclusión.



☉ Solar da Azucreira na actualidade. Iria,

Padrón. 2018. O campo de concentración da Azucreira estivo en funcionamento entre 1937 e 1939. Os presos non dispuñan de medios para o aseo. As necesidades facianas en gabias e durmían directamente no chan con algo de palla. Os piollos e a fame eran un andazo e a tifo unha das causas de morte.

Foto: María Esteirán.



📍 **Sete proxectis tipo Mauser procedentes de Iria Flavia, 1937. Fundición a molde, bronce, ferro, chumbo, cobre e restos de pólvora. 12,10 x 75 mm.** Este tipo de munición produciase oficialmente na Fábrica Nacional de Toledo. Non obstante, durante a Guerra Civil tamén saíu da Fábrica de Armas da Coruña.

Museo das Peregrinacións e de Santiago.
Foto: Alba Vázquez Carpentier

Padrón era un nó fundamental. Por estrada permitía a comunicación co Barbanza e a zona de Muros. Por ferrocarril conectaba co Sur (Vilagarcía, Pontevedra e Vigo) e a través de Santiago e Monforte enlazaba directamente coa meseta. Dende a vila saían tropas e todo tipo de produtos cara á fronte. En sentido inverso chegaban prisioneiros de guerra republicanos. En Galicia funcionaron uns dezaioito campos e catro Prisións Centrais, seis na contorna de Padrón. Dende Iria os presos redistribuíanse aos centros de Muros, A Pobra e Rianxo, cando non chegaban directamente por mar. As fábricas de salga en desuso resultaron reunir as condicións precisas por espazo, proximidade a núcleos urbanos e vías de comunicación. Por esta rede pasaron máis de 6.000 prisioneiros.


Para manexar todo este continxente e a circulación de mercadorías o lugar tiña que estar custodiado. Do campo ocupábanse varios mandos, unha guarnición de soldados e a Garda Civil. A munición atopada revela a existencia dun grupo ben dotado e provisto de armas lixeiras. Sería un destacamento de control de vía para vixiar a estrada anexa ao campo? 📍



📍 **Fotografía dun fusilamento realizado no Campo da Rata. Pepe Sáez, A Coruña, 1936.** + **Bosquexo coetáneo de como se organizaban os fusilamentos no Campo da Rata da Coruña en 1936.** Pepe Sáez. Hoxe a fotografía está integrada no memorial realizado por Isaac Díaz Pardo no Campo da Rata da Coruña.

O bosquexo, debuxado polo mesmo autor da fotografía, indica como se dispuñan as execucións: onde se situaban aos fusilados, o pelotón, os espectadores e as metraladoras para evitar motíns. As anotacións á marxe son de Díaz Pardo.

Fondo de Margarita Ledo



Onde está a memoria material da Guerra Civil?



POR QUE ESTÁN OS PROXECTIS DE Iria no Museo das Peregrinacións e de Santiago? A institución ten unha temática moi diferente da que se pode asociar a este tipo de pezas. Dende o seu nacemento en 1951 o seu obxecto foi o fenómeno xacobeo e a cidade de Compostela en tanto destino de peregrinación. Hoxe a súa actividade segue a centrarse na protección, conservación, documentación, investigación e difusión dos bens materiais e inmateriais relacionados co patrimonio en cuestión dende unha óptica laica e civil.

Esta acumulación de funcións é habitual nos museos. Tradúcese nunha multiplicación de espazos que o público xeral habitualmente descoñece. De feito, o centro, ademais da súa nova sede na Praza das Praterías, segue a ocupar o pazo gótico sito na Rúa de San Miguel, onde se atopan os servizos administrativos, a biblioteca e parte dos depósitos. E tamén unha nave no Milladoiro para albergar o inxente volume de pezas en reserva que custodia. Pero que pezas son estas?

A colección do centro é moi variada. Os fondos artísticos son os máis significativos e os que mellor se corresponden coa temática xeral (escultura, pintura, acibeche, etc.), pero os procedentes de escavacións son os máis numerosos. O motivo é que o Museo das Peregrinacións está autorizado como lugar de depósito arqueolóxico. Os museos provinciais e incluso moitos museos locais asumen con frecuencia esta función. Os criterios para derivar cara a un ou outro os achados veñen pautados por lei. O principio de proximidade soe ser o prioritario, pero tamén se contemplan a relación dos obxectos coa temática do centro, as garantías de conservación e seguridade, e que o lugar se adecúe ás posibles funcións culturais e científicas dos obxectos. Ao Museo das Peregrinacións chegan materiais procedentes de Santiago, da súa contorna e doutros lugares relacionados

coa ruta xacobeá: Iria, Padrón, Fisterra, etc. Por este motivo o conxunto exposto en NUMAX acabou no citado centro.


Unha vez depositados, xunto cos demais restos atopados na finca, os sete cartuchos foron debidamente documentados, restauráronse e almacenáronse observando as condicións necesarias para a súa conservación, seguridade e localización. En xeral, a actividade resultante deste cometido consume gran parte dos recursos dos centros e adoita desbordar a súa capacidade espacial. Non obstante, a súa importancia é vital. Ora ben, cabe preguntarse se o Museo das Peregrinacións conta cos medios necesarios para a difusión de dito material. O conxunto non foi nunca exhibido e, de feito, está catalogado como non museable, o que quere dicir que é de escaso interese para a exposición permanente. Por suposto o potencial dunha peza non se limita a este aspecto e un museo recibe habitualmente consultas moi variadas. Porén, dirixense as persoas interesadas na guerra civil española (investigadores, xestores culturais, comisarios, etc.) a un museo como este? E acaso está o centro en disposición de atender requirimentos neste sentido? Como é lóxico o persoal e todas as accións están orientados cara a temática do museo.

📍 **Carteira de José Villaverde Velo.** José Villaverde foi un líder anarcosindicalista galego. Foi detido xusto despois de cobrar a súa última nómina. Agochou o diñeiro e antes de ser paseado o 25 de setembro de 1936 entregoulo a un compañeiro de cela para que llo fixese chegar á súa muller. Na memoria familiar esta carteira e o seu contido pasan por ser as pertenzas que con tanto esmero gardou.

Fondo Villaverde Otero. Foto: Proxecto Nomes e Voces. Grupo HISTAGRA

📍 **Etiqueta que a familia de Elvira Bao lle puña aos paquetes de comida que lle levaban ao cárcere.** Elvira Bao era mestra, galeguista e republicana. En 1936 foi detida e apartada do ensino público. Durante os meses que estivo presa a familia leváballe cestos con comida aos que lles colgaban unha etiqueta co seu nome. Esta práctica era habitual. No reverso sinaláronlle que non a devolvese e a empregase para identificar as súas pertenzas.

Fondo da familia de Elvira Bao. Foto: Proxecto Nomes e Voces. Grupo HISTAGRA



A problemática non é exclusiva do Museo das Peregrinacións. Achados como os de Iria repítense con frecuencia en Galicia. Nunha escavación realizada na fortaleza do Monte do Castro de Vigo a finais de 2017 atopáronse uns 80 proxectís. No lugar executábanse os fusilamentos da cidade. Noutra escavación aínda en curso en Pontevedra, xunto á Ponte do Burgo, atopáronse máis. Presumiblemente irán parar ao Museo Quiñones de León e ao Museo de Pontevedra respectivamente. Estes centros tampouco están dedicados ao tema, e non existe en Galicia ningunha unidade especializada que asista os técnicos nestes casos, que unifique os criterios de documentación e facilite as consultas (a través, por exemplo, dun repositorio específico e común). Pero o asunto, dende logo, supera o ámbito da arqueoloxía: a memoria material da guerra e da posterior represión segue a estar en mans das persoas que viviron os feitos ou da súa descendencia, sen que en moitos casos saiban que facer con tal legado. Onde acudir cando non existe un servizo que se encargue de xestionar esta clase de materiais? E quen asesora e acompaña a estas persoas no proceso?

A situación dificulta enormemente a recuperación, protección e divulgación deste tipo de pezas. Así como a reparación moral das vítimas. A experiencia acumulada en Europa tras as grandes guerras do século XX ofrece múltiples posibilidades. §



📍 **Proxectil achado a finais de 2017 nunha escavación realizada no Monte do Castro en Vigo.** Os achados como os de Iria non son infrecuentes. No Castro, en Vigo, xunto co cartucho da foto atopáronse uns 80 máis. No lugar, durante a Guerra Civil, realizábanse fusilamentos.

Foto: Adro Arqueolóxica.



📍 **Vista da nave e do mobiliario compacto que o Museo das Peregrinacións e de Santiago ocupa no Milladoiro.** Nestas instalacións o museo custodia parte da colección en reserva. O espazo conta con medidas especiais de seguridade e un estrito control de clima. Unha parte importante está ocupada por obxectos escaso interese para a exposición do museo. Trátase, non obstante, de material relevante para o público especializado e investigadores.

Textos: Sabela López Pato

Para máis información e referencias bibliográficas: www.numax.org

FÓRA DOS MUSEOS

6 pezas deslocalizadas na Librería NUMAX
Marzo-novembro 2018

Coa colaboración de:
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense,
Museo das Peregrinacións e de Santiago,
Museo Massó,
Fundación Barrié,
Museo do Pobo Galego e Museo de Pontevedra

Comisaría:
Sabela López Pato

Coordinación:
NUMAX / Sabela López Pato

Deseño de mobiliario:
domohomo

Produción, imaxe e comunicación
NUMAX

Construción metálica:
Galanas

Metacrilato:
Arduma
Rótulos Visión

Material eléctrico:
Pérez Antolín

Instalación eléctrica:
Instalaciones Cepa

Seguros:
AON

Rotulación:
Agencia Gráfica

Co apoio da



NUMAX
www.numax.org

Durante 8 meses a Librería NUMAX amosará, de xeito sucesivo, 6 pezas de diferentes museos e coleccións de Galicia. FÓRA DOS MUSEOS

quere convidar á reflexión sobre estas institucións, achegarse á súa orixe, indagar nas súas problemáticas e analizar que tipo de obxectos custodian. Persoas expertas do campo museográfico galego presentarán cada peza ao inicio da súa exhibición.

Por que este proxecto?

Porque amamos os obxectos e porque a protección da nosa cultura material depende en gran medida dos museos. Porque os museos deberían formar parte das axendas sociais, culturais e políticas. E porque, como sinalou Jean-Marie Straub, «facer a revolución é tamén poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas».

- 01** 13.03-16.04
Como naceron os museos galegos?
Os mosaicos romanos da Cigarrosa
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
- 02** 17.04-21.05
Onde gardamos a memoria? As sete balas de Iria Flavia
Museo das Peregrinacións e de Santiago
- 03** 22.05-25.06
Quen habita en nós?
- 04** 26.06-03.09
Que acontece coa arte do exilio?
- 05** 04.09-08.10
Que facemos coa Virxe?
- 06** 09.10-12.11
E o noso patrimonio industrial?